



ANUNCIO

PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E PROPOSTA DE CANDIDATOS SELECCIONADOS NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRES MONITORES-SOCORRISTAS E DOUS SOCORRISTAS PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS NA TEMPORADA DE VERÁN.

Por Decreto de Alcaldía nº 192/2016 de 18 de maio aprobáronse as bases de selección para a contratación temporal de TRES MONITORES-SOCORRISTAS E DOUS SOCORRISTAS de conformidade coas Bases e Convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016 (BOP de Pontevedra nº 233 de 2 de decembro de 2015).

Por providencia de Alcaldía de 3 de xuño de 2016 e de conformidade coa base 6ª das Bases de Selección aprobadas designouse ao Tribunal Cualificador do proceso de selección. O día 8 de xuño de 2016 reuniuse o Tribunal Cualificador composto polas seguintes persoas:

-Presidenta: Isabel Estévez Pazo

-Secretario: Carlos López Quintáns

-Vogais: Ana María Pérez Rodríguez e Pilar Domínguez Ozores.

O tribunal cualificador, por unanimidade dos seus membros, logo de supervisar as solicitudes, ditaminar os candidatos admitidos e excluídos e valorar os méritos achegados, acordou propoñer de conformidade coas bases de selección, os seguintes candidatos admitidos e excluídos, a valoración dos méritos dos candidatos admitidos, e a proposta de candidatos seleccionados.

*Nota: os aspirantes que presentaron o título de técnica superior en animación de actividades físicas e deportivas considérase que acreditan a capacidade para actuar como monitores de natación. A presentación deste título non se puntúa como mérito de formación especializada ao ser un requisito que esixen as bases de selección na cláusula segunda para aspirar ao posto de monitor-socorrista.





TRES MONITORES-SOCORRISTAS

ASPIRANTE	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	FORMACIÓN ESPECIALIZADA	OUTRA FORMACIÓN	TOTAL PUNTOS
1.MARÍA LUISA MARTÍNEZ LORENZO 35574052K	1	0,84	0,75	2,59
2.JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ PÉREZ 77006596C	1	-	0,75	1,75
3. MÓNICA PAZOS PÉREZ 34876662Z	1	-	0,25	1,25

DOUS SOCORRISTAS

SOLICITANTE	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	FORMACIÓN ESPECIALIZADA	OUTRA FORMACIÓN	TOTAL PUNTOS
1. NAROA SAAVEDRA AREAL 35580079E	1	-	0,75	1,75
2. ALEXANDER LOMBA TRIGO 35572533C	1		0,51	1,51

SAMUEL BRUN FERNÁNDEZ: EXCLUÍDO por non acreditar o cumprimento do requisito establecido nas bases de selección 2ª e 3ª:

-Non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI, PREPARA ou PAE).

As persoas que non perciban rendas nas modalidades de RISGA, RAI, PREPARA ou PAE deberán presentar de forma obrigada certificado de prestacións emitido pola Seguridade Social.





De conformidade coa base sétima da convocatoria o Tribunal formula o seguinte ditame de candidatos propostos para a súa selección:

TRES MONITORES-SOCORRISTAS

ASPIRANTE	
1. MARÍA LUISA MARTÍNEZ LORENZO	35574052K
2. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ PÉREZ	77006596C
3. MÓNICA PAZOS PÉREZ	34876662Z

DOUS SOCORRISTAS

ASPIRANTE		
1. NAROA	SAAVEDRA	AREAL
35580079E		
2. ALEXANDER	LOMBA	TRIGO
35572533C		

Os/As aspirantes propostos/as presentarán no Rexistro do Concello, no prazo de seis días hábiles contados dende o seguinte á publicación da proposta de candidatos seleccionados no taboleiro de anuncios do Concello a seguinte documentación (a proposta publícase no Taboleiro o 8/06/16 e a data límite para presentar a documentación requirida é o 15/06/16):

- Informe médico ou certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.





- Copia compulsada polo Concello de Salceda de Caselas ou Notario da tarxeta da seguridade social.
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria.
- **Anexo IV.** Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Contra a proposta do Tribunal, que non agota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o sr. Alcalde no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación desta proposta no Taboleiro de Anuncios do Concello, de acordo co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/92, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Poderase utilizar calquera outro recurso que se considere pertinente, así como exercer as accións que procedan diante da xurisdición competente

Salceda de Caselas, 8 de xuño de 2016

O SECRETARIO DO TRIBUNAL

Carlos López Quintáns

